

EL VIZCONDE DEMEDIADO, ITALO CALVINO

Hoxe reunímonos co alumnado de 1º de Bacharelato para comentar esta novela breve de carácter fantástico que escribiu Italo Calvino a mediados do século pasado.

En *El vizconde demediado*, Calvino narra a historia del vizconde Mediado de Terralba, que na guerra contra os turcos é partido en dúas partes por unha bala de canón que o golpea no peito. Os doutores salvan a vida do vizconde... pero este regresa á súa terra dividido en dúas metades: unha boa, e unha mala. A metade mala desfruta provocando dor entre todos aqueles que se cruzan no seu camiño e a metade boa goza dedicando o seu tempo a buscar a alegría de todos os que o rodean. Pero co paso do tempo todos acaban rexeitando ás dúas metades de Medardo porque ambas provocan a infelicidade.



Os e as participantes no Club disfrutaron enormemente analizando o comportamento do vizconde e as súas relacións cos outros personaxes da novela ata chegar á conclusión de que o ser humano precisa naturalmente dunha parte boa e dunha parte mala para estar completo.



E para rematar a xornada e influídos polo que acababamos de ler, repartimos entre os membros do Club uns bombóns... á metade!!!

